

II. AUTORIDADES E PERSOAL**B) NOMEAMENTOS****CONSELLERÍA DO MAR**

ORDE do 17 de xullo de 2023 pola que se dispón o nomeamento dunha vogal do Consello Reitor da entidade pública empresarial Portos de Galicia.

O Consello Reitor é o órgano superior colexiado de dirección da entidade pública empresarial Portos de Galicia, tal como determina o artigo 13 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia. A súa disposición transitoria novena, engadida polo artigo 17 da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, mentres non se estableza regulamentariamente o número de vogais do Consello Reitor, a composición do dito órgano e o réxime de substitucións serán os establecidos nos artigos 10 e 11 do Regulamento de Portos de Galicia, aprobado polo Decreto 227/1995, do 20 de xullo, e que o nomeamento dos vogais o realizará a persoa titular da consellería competente en materia de portos, conforme dispón o artigo 13.2 da Lei 6/2017, do 12 de decembro.

Polo exposto, de acordo co sinalado no número 3 do artigo 10 do Regulamento de Portos de Galicia, de conformidade coa proposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, e no exercicio da facultade atribuída,

DISPOÑO:

O nomeamento de María Pilar Arias Graña como vogal no Consello Reitor da entidade pública empresarial Portos de Galicia, en representación da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2023

Alfonso Villares Bermúdez
Conselleiro do Mar

